




www.usc.gal/gl/estudos/graos/ciencias-sociais-xuridicas/grao-educacion-social



Grao en Educación Social



www.usc.gal



Educación Social

O Grao en Educación Social debe capacitar ao seu alumnado para o desenvolvemento profesional dos coñecementos científicos e dos principios de acción necesarios para a análise, a comprensión, a interpretación e a intervención educativa en distintos contextos institucionais e sociais.

Tipo Presencial

Área Ciencias Sociais e Xurídicas

Centro Facultade de Ciencias da Educación

Campus Vida:

Rúa Prof. Vicente Fráiz Andón, s/n, 15782
Santiago de Compostela
educacion.decanato@usc.gal

Campus Norte:

Avda. Xoan XXIII, s/n, 15782
Santiago de Compostela
educacion.decanato@usc.gal

Campus Santiago de Compostela

+info www.usc.gal/gl/estudos/graos/ciencias-sociais-xuridicas/dobre-grao-mestre-educacion-infantil-mestre-educacion-0

Presentación

Interuniversitario: Non

Duración: 4

Número de prazas: 75

Data de inicio: Setembro

Plan de estudos

A titulación está distribuída en catro cursos, cun total de 240 créditos que están formados por 60 créditos de formación básica, 144 de materias obrigatorias e 36 créditos optativos.

Mobilidade e prácticas

A mobilidade dos/as estudantes está regulada a través do “Regulamento de intercambios interuniversitarios”. Xestiónanse programas de intercambio tanto nacionais (SICUE), como europeos (ERASMUS) e extracomunitarios (intercambios con países de América Latina ou países de fala inglesa).

O Título de grao en Educación Social inclúe 30 créditos de Practicum de carácter obrigatorio. Para poder desenvolvelo, establecéronse convenios de colaboración coas administracións e institucións sociais (fundacións, asociacións e ONG's), a fin de regular a presenza do alumnado nos diferentes servizos e favorecer o traballo colaborador entre a Universidade e os devanditos centros.

Saídas Profesionais

O título de Grao en Educación Social permite desempeñar a actividade profesional de «educador/a social» en ámbitos ou cometidos relativos á:

- Educación en contextos familiares e en procesos de desenvolvemento comunitario.
- Educación para a mediación, a inclusión social e a diversidade.
- Educación do lecer, a animación e a xestión sociocultural
- Acción socio-educativa en infancia e mocidade.
- Acción socio-educativa con persoas adultas e maiores.
- Educación para a cidadanía e a cultura da sustentabilidade.

